

Tarde piaches!

Estaban sorrindo. Semellaban felices. Un grupo de rapaces estaba a xogar ao fútbol na Alameda de Santiago. De súpeto, unha rapaza para o balón e comeza a falar co grupo. Parece que o resto aproba a súa proposta, e nun intre comezan a camiñar cara unha pequena fonte algo escondida entre unhas árbores. Entón, a rapaza preme un botón e comeza a saír un gran chorro de auga. Auga! O que daría eu por probala. Mais xa non quedaba nin unha pinga. Paro a película e apago o televisor. Prodúceme moita envexa ver películas antigas nas que aínda existía a auga. E probablemente nin eles se deran conta da sorte que tiñan. Pecho os ollos. Todos eses produtos que tentaban semellar a auga desgastábanme cada vez máis o corpo. Pode que a sociedade pense que como crearon produtos para substituír o prezado líquido, xa está todo arranxado. Pero eu sei que non é así. Non podemos crear o que nós mesmos destruímos. Noto como empeoran pouco a pouco a miña saúde. Oxalá telo pensado antes. Pero agora xa é demasiado tarde...